

COOPERATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO [MANIFESTO]

Unión de Cooperativas Espazo Coop

EN ESPAZOCCOOP HAI UN GRUPO DE COOPERATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO



Na **Unión de Cooperativas EspazoCoop** contamos cun grupo de cooperativas sen ánimo de lucro.

Existe un descoñecemento sobre esta fórmula, detectado tanto nas institucións como na cidadanía galega.



A desinformación e o descoñecemento sobre as **cooperativas sen ánimo de lucro** deriva en agravios comparativos, dificultades administrativas e burocráticas e falla de medidas específicas para elas co fin de minimizar o impacto da crise da Covid19, que está a ter especial incidencia pola tipoloxía de actividades ás que se adican.

CONCEPTOS: LEGALIDADE

As cooperativas sen ánimo de lucro galegas, **somos unha fórmula xúridica empresarial regulada pola vixente 'Lei de Cooperativas de Galicia'** na súa disposición adicional cuarta.

Somos unha fórmula perfectamente legal e segundo nos recoñece a devandita lei temos que ser consideradas polas administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia como entidades sen ánimo de lucro.


COOPERATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO // ESPAZO COOP



CONCEPTOS: SEN ÁNIMO DE LUCRO

Do mesmo xeito que sucede con outras fórmulas empresariais sen ánimo de lucro, como os centros especiais de emprego e as empresas de inserción, **os resultados positivos da nosa actividade non poden ser distribuídos** entre as persoas socias, **destinándose os excedentes disponibles (beneficios) a un Fondo de Reserva Obligatorio e Irrepartible.**

Ademais desta consideración, as cooperativas sen ánimo de lucro **temos limitada a retribución das persoas socias traballadoras e do persoal asalariado**, non poidendo superar o 150% das retribucións establecidas no convenio colectivo aplicable ao noso sector. Iso non significa que as persoas socias traballadoras e persoal asalariado traballemos ou prestemos os nosos servizos con carácter gratuíto, senón que tanto os beneficios como as nosas retribucións están suxeitas ás devanditas limitacións.



POSTA EN VALOR

COOPERATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO // ESPAZO COOP

Desenvolvemos actividades económicas vencelladas aos servizos sociais, educativos, culturais, artísticos, deportivos ou de tempo libre, consumo conscente e responsable, integración laboral de persoas en exclusión social e outras que teñen por finalidade **mellorar a calidade de vida e condicións das persoas.**

Somos polo tanto, **empresas cun marcado fin social** e fronte á confusa e ás veces espuria calificación de empresas sociais empregadas por algunhas entidades mercantís, as cooperativas sen ánimo de lucro **somos realmente empresas sociais sen ánimo de lucro** que cumprimos unha función fundamental consonte aos principios e valores cooperativos que nos son propios.

PROBLEMÁTICA

COOPERATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO // ESPAZO COOP

Pese ás **importantes achegas** que as cooperativas sen ánimo de lucro facemos á denominada **economía dos coidados**, na **dinamización dos nosos territorios** e o **noso importante papel na redistribución dos recursos**, a realidade é que a día de hoxe somos as grandes descoñecidas a nivel da cidadanía e sobre todo as grandes esquecidas a nivel institucional, onde **son múltiples os problemas e atrancos burocráticos en relación con trámites administrativos**, ou **liñas de axudas**, ás que por diversos motivos non podemos optar, ademais de **inseguridade xurídica e agravios comparativos nos criterios de contratación pública**. Ser sen ánimo de lucro, parece que non só non se premia senón que se penaliza.



DEMANDAS

COOPERATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO // ESPAZO COOP



MEDIDAS

Que incrementen a **visibilidade** e para **poñer en valor a nosa fórmula**, así como accións para a eliminación de atrancos e trabas burocráticas, resolver dúbidas e dar garantías xurídicas.



CONTRATACIÓN PÚBLICA

Equiparamento con outras fórmulas que son primadas, tanto pola vía das cláusulas sociais que incentiven a condición de sen ánimo de lucro como pola vía dos mercados reservados, reserva de lotes, etc.



AXUDAS

Optar ás axudas de cooperativismo e empresa. Tamén ás axudas para desenvolver actividades propias do noso ámbito como entidades sen ánimo de lucro. En ningún caso o que se pretende é solicitar axudas por ambas vías para o mesmo obxecto, aínda que de ser factible en ningún caso superar o 100% do gasto subvencionado.

COOPERATIVAS QUE ASINAN ESTE MANIFESTO

Asinan o presente manifesto as cooperativas sen ánimo de lucro galegas:

**7H Cooperativa Cultural // Arabías // Árbore Consumo Conscente
As Lilandeiras // Aventura // Catro Ventos // Cuarto de Inverno
Hábitat Social // Maos Innovación Social // Miudiño //
Mulleres Colleiteiras // Númax // Rexenerando // Xeración**

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop
981 57 55 78 – info@espazo.coop – www.espazo.coop

